



COLEXIO PLURILINGÜE

NTRA. SRA. DE LOS REMEDIOS

Santiago de Compostela

CENTRO CONCERTADO
INFANTIL PRIMARIA ESO

A NOSA IDENTIDADE (CARÁCTER PROPIO)

✓ EDUCACIÓN INTEGRAL:

Desenvolvemento de todas as dimensións do alumno/a para chegar ao máximo das súas posibilidades.

✓ ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Educación personalizada que dá especial importancia á acción titorial e servizo de orientación.

✓ COMPROMISO SOCIAL:

Coñecemento dos valores e contravalores desta sociedade plural. Análise da realidade con sentido crítico.

✓ RELACIONES CERCANAS E DE COLABORACIÓN:

Ambiente educativo fraterno que supón sinxeleza, acollida, confianza e alegría. Presenza de educadores baseada nunha relación de proximidade, dispoñibilidade e cun estilo coherente e de calidade.

✓ EDUCACIÓN NA FE:

Harmonía entre a fe e o conxunto de saberes, valores, actitudes e comportamentos que favorece a síntese persoal entre fe, cultura e vida.

✓ TIC AO SERVIZO DA EDUCACIÓN:

Utilización de medios para o desenvolvemento das competencias que demanda a sociedade: salas de ordenadores, encerados interactivos-dixitais en todas as aulas, plataforma educ@mos para comunicación coas familias, ...

✓ APOSTA POLOS IDIOMAS:

- Potenciación do idioma dende Educación Infantil. **Proxecto PLURINFANTIL**
- Auxiliares de conversa nativos en infantil, primaria e ESO.
- Materias en inglés: **Music, Arts&Crafts, Physical Education.**
- Pertenza á rede de Centros Plurilingües de Galicia.
- Participación no programa **BEDA e BEDA KIDS** (Bilingual English Development & Assessment).

✓ AVALIACIÓN SISTEMÁTICA:

Análise do nivel de calidade da acción educativa orientado a unha mellora continua.

1.- HORARIO DO COLEXIO

	INFANTIL	PRIMARIA	ESO
MAÑÁ	9:30 – 12:55 luns a xoves 9:30 – 14:15 venres	9:30 – 13:00 luns a xoves 9:30 – 14:30 venres	8:40 – 14:20 luns a venres
TARDE	15:00 – 16:50 luns a xoves	15:00 – 17:00 luns a xoves	16:20 – 18:00 luns

2.- SERVIZOS OFERTADOS POLO CENTRO

✓ SERVIZO DE COMEDOR

Aberto a todos os alumnos de Infantil, Primaria e ESO.
O colexio conta con **cociña propia** (non catering).

✓ PROGRAMA PEQUENOS MADRUGADORES

Para alumnos de Educación Infantil e Primaria.
Aberto de 8:00 h. ata as 9:30 h.
Este servizo conta coa posibilidade de ofrecer o almorzo aos seus usuarios.

✓ SERVIZO DE LUDOTECA

Para alumnos de Educación Infantil e Primaria.
Ofértase dentro das actividades extraescolares.
Aberto desde as 17:00 h. a 18:30 h.

✓ BIBLIOTECA

A biblioteca está dixitalizada e dispón de servizo de préstamo e lectura.
Mediante o carné de usuario da biblioteca colexial os alumnos poden facer uso da mesma en todos os recreos de Educación Primaria e Secundaria.

✓ TRANSPORTE ESCOLAR

Na actualidade existen **dúas liñas de autobús coas seguintes paradas:**
LIÑA 1: PLG MILLADOIRO-CAPELA MAGDALENA-SUPERMÉRCA DO ÁRBOL-MOBLES
COMPOSTELA-CONXO-PONTEPEDRIÑA
LIÑA 2: BASQUIÑOS-VITE-MEIXONFRÍO-AS CANCELAS-AMIO-SAN LÁZARO-FONTIÑAS-SAR-
ARINES
Poden ser susceptibles de modificación de existir demanda noutras paradas.

✓ ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O centro conta cunha ampla oferta de actividades: Informática, Inglés, Música, Piano, Rondalla, Taller creativo, Pintura, Baile Galego, Expresión Corporal, Baloncesto, Fútbol, Predeporte, Piscina, Ballet, Patinaxe, Hockei, Xadrez...

✓ PLATAFORMA EDUC@MOS

A **plataforma educamos** é un xestor educativo que proporciona unha canle de comunicación familia-escola a través do cal se poden **consultar diariamente todos os datos de interese acerca da marcha académica do alumnado**.

Todas as familias e alumnos dende Educación Infantil ata 4º ESO, poden utilizar este servizo que supón un salto cualitativo na integración das novas tecnoloxías.

Coa axuda dun nome de **usuario** e un **contrasinal** accédese á seguinte información:

Datos e notas de exames, controis, recuperacións, traballos,...

Incidencias do día a día da aula: retrasos, ausencias-xustificacións, comportamento, uniforme, ...

Servizo de correo interno co titor e profesores do alumno.



✓ CAMPAMENTO DE INGLÉS NO VERÁN

No Colexio ofrécense actividades e obradoiros de **inmersión lingüística en inglés** para alumnos de Infantil e Primaria.

O **English Summer School** desenvólvese no colexio unha vez rematadas as actividades lectivas durante os **meses de xuño e xullo**.

✓ VENTA DE LIBROS DE TEXTO E PROGRAMA DE GRATUIDADE INTERNO

Para un maior servizo ás familias, o centro ofrece a posibilidade de comprar os libros de texto previa reserva.

Existe un **“Programa de Gratuidade Interno”** do colexio, en **Educación Primaria e Secundaria**, para algúns libros de texto no que poden participar aquelas familias que o desexen.

✓ GRUPOS DE JMV Y FMV

Todo o alumnado, a partir de 4º de Primaria, pode formar parte do **Movemento de Xuventudes Marianas Vicencianas (JMV)** e participar nas distintas actividades programadas. Reúnense de luns a sábado, en horario extraescolar elixido polo grupo e coas súas respectivas catequistas.

3.- INNOVACIÓN E PROXECTOS

✓ APRENDIZAXE COOPERATIVO

Esta metodoloxía implántase en tódalas etapas co fin de promover a participación e interacción entre o alumnado mellorando a aprendizaxe, favorecendo a atención á diversidade e fomentando a convivencia. **Buscamos que o alumnado sexa o propio protagonista da aprendizaxe**

✓ CENTRO PLURILINGÜE

O colexio pertence á **REDE DE CENTROS PLURILINGÜES DE GALICIA**. En toda a **Educación Primaria** impártense en inglés as seguintes materias: *Music, Arts&Crafts, Physical Education*.



✓ PROXECTO PLURINFANTIL

Implantación no curso 2017/2018 o **PROXECTO PLURINFANTIL**. unha aposta nesta etapa na que o número de horas que teñen os alumnos de Educación Infantil é de **5 horas semanais** que se reparten en **10 sesións de media hora**.

✓ AUXILIAR DE CONVERSA NATIVO

O centro conta con dous **AUXILIARES DE CONVERSA NATIVOS** para Inglés en tódalas etapas educativas (**INFANTIL-PRIMARIA-ESO**). Actividades extraescolares impartida por **profesorado nativo en grupos reducidos**. Preparación **exames Cambridge** no propio Centro.

✓ PROXECTO BEDA e BEDA KIDS

Programa de excelencia lingüística de Escolas Católicas e Cambridge ESOL Examinations, dirixido á potenciación e mellora do ensino en inglés.

Baséase fundamentalmente en 3 eixos principais:

1. Incremento cualitativo e cuantitativo do ensino en inglés.
2. Formación específica en inglés dirixida ao profesorado.
3. Avaliación externa dos membros da comunidade educativa, cun axente avaliador de recoñecido prestixio, como é a **University of Cambridge ESOL Examinations**.

✓ PROGRAMAS DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA

Dende o colexio ofértanse viaxes ao **Reino Unido** para propiciar a convivencia do alumnado con **familias nativas**. Participan nun curso intensivo onde se desenvolven actividades orientadas a mellorar a capacidade comunicativa dos alumnos.

4.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

✓ APOIOS E REFORZOS EDUCATIVOS

En todas as etapas de educación infantil e primaria existen grupos de apoio para todo o alumnado que precisa dun seguimento máis individualizado.


Asimesmo nas asignaturas de **Matemáticas, Linguas e Inglés** existen grupos de **reforzo** en ESO durante as tardes libres.



5.- VESTIARIO COLEXIAL

É **obligatorio** o uso de **uniforme** e **chándal** do colexio en todas as etapas educativas. O mandilón é unicamente necesario dende Infantil ata 4º de primaria.

Uniforme unificado para toda a rede de Centros Educativos Vicencianos da Compañía das Fillas da Caridade.



ADMISIÓN DE ALUMNOS

- ✓ **Período de solicitude de admisión:** **do 1 ao 20 de Marzo.** Recoller a solicitude e entregala na secretaría do centro. Só se pode presentar unha única solicitude (**ANEXO II**) no centro de primeira opción. O alumnado con reserva de praza (**ANEXO I**) nun centro deberá comunicar á renuncia á reserva se presenta solicitude de admisión noutro centro.
- ✓ **Documentación a entregar:**
Anexo II
Fotocopia do libro de familia ou DNI do alumno.
Presentación de **documentación xustificativa** dos criterios de baremo se o número de **solicitudes é superior** ao de **prazas ofertadas**. (10 días hábiles a partires dos 2 seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión)
- ✓ **Criterios de baremación:**
 - Irmáns no centro (Certificación do centro)
 - Pais que traballen no centro. (Certificación do centro)
 - Proximidade do domicilio familiar, acreditar un ano de antigüedade e coincidir co domicilio fiscal. (Certificado do padrón municipal da unidade familiar).
 - Proximidade do lugar de traballo (certificado da empresa+ contrato ou nómina)
 - Renda
 - Discapacidades (certificación emitida polo órgano competente)
 - Familia numerosa (Título oficial) ou Familia monoparental.

